



II Concurso fotográfico "Cariño e o mar" Equipo TIC Curso 2020-21

Debido á cancelación o curso pasado do concurso fotográfico O equipo TIC do CEIP Manuel Fraga Iribarne convoca de novo o II Concurso fotográfico "Cariño e o mar".

BASES DE PARTICIPACIÓN:

O concurso está aberto á participación de todo o alumnado de Educación Infantil e Primaria do CEIP Manuel Fraga Iribarne de Cariño. EIP Manuel Fraga Iribarne de Cariño.

TEMA:

1. O tema do concurso será **"Cariño e o mar"** coa idea de que o alumnado participante exprese mediante unha fotografía o tema do mar en Cariño: praias, cabo, acantilados, oficios relacionados co mar, reciclaxe ou non contaminación...

FOTOGRAFÍAS:

2. Só se aceptará unha foto por alumno/a
3. As fotos deberán ser orixinais con data non anterior á desta convocatoria (01/05/2021)
4. Xa que se trata dun concurso escolar permitírase, ata certo punto, que os adultos a consellen e axuden aos e ás participantes, tendo ben en conta que o alumno/a ten que ter unha participación maioritaria na realización da fotografía e sobre todo na elección da escena a fotografar.
5. Nas fotografías non poderán aparecer persoas identificables e en calquera caso contarase co consentimento de calquera persoa que apareza nas mesmas.

ENTREGA DAS OBRAS:

6. As fotos entregaranse en formato dixital obtidas a través dunha cámara dixital, móbil, tablet ou dispositivo similar.
7. O formato será JPG / JPEG cun tamaño aproximado aconsellado de 3200 x 2400 píxeles.
8. En ningún caso a fotografía poderá ser editada ou se lle aplicarán filtros, nin será recortada, a excepción de axustes básicos mínimos de brillo/contraste.
9. As imaxes que participarán no concurso enviaranse adxuntas nunha mensaxe de correo electrónico á dirección seguinte: profescarino@gmail.com poñendo como asunto: "Cariño e o mar". No corpo da mensaxe constarán os seguintes datos:

TÍTULO DA OBRA

NOME E APELIDOS DO ALUMNO/A

CURSO DO ALUMNO/A

NOME E APELIDOS E TELÉFONO DO RESPONSABLE LEGAL DO ALUMNO/A

PRAZO:

10. O prazo de presentación das fotografías será dende o 1 ao 31 de maio de 2021

PUBLICACIÓN:

11. As fotos recibidas iranse publicando na Galería do CEIP Manuel Fraga Iribarne na carpeta FOTOCONCURSO 2021.

FALLO:

12. O xurado, que estará formado polo Equipo TIC do CEIP Manuel Fraga Iribarne publicará o seu fallo na páxina web do centro ("colegarino.net") a partir do 1 de xuño de 2021.

13. O xurado valorará a orixinalidade, creatividade das obras presentadas.

14. Descartaranse e quedarán fóra de concurso as obras que carezan dun mínimo de calidade técnica ou que sexan de mal gusto ou ofensivas.

CATEGORÍAS

Haberá tres categorías tendo en conta o nivel educativo:

CATEGORÍA 1: Alumnado de EI

CATEGORÍA 2: Alumnado de 1º, 2º e 3º de EP

CATEGORÍA 3: Alumnado de 4º, 5º e 6º de EP

PREMIOS:

Haberá por cada categoría un premio por categoría.
Animádevos a participar!!